

Programa do BNG de Oroso

O BNG de Oroso xa ten deseñadas as directrices da súa futura actuación política no concello.

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

- 1º. Entrada e saída na autoestrada: Oroso-Santiago e Santiago-Oroso.
- 2º. Dotación de beirarrúas, farois e carril para bicicletas nos seguintes treitos: Rúa do Portiño, Estación de Vilacide, Porto Avieira e Avenida da Grabanxa (coas melloras precisas no asfaltado).
- 3º. Construción dun novo centro de saúde.
- 4º. Estudo das deficiencias en Porto Avieira.
- 5º. Abastecemento de augas e saneamento dos núcleos rurais. Cómpre revisar ademais as súas infraestruturas.
- 6º. Subministración eléctrica: buscar os motivos dos continuados cortes de luz no Concello de Oroso e soluciónalos.
- 7º. Paseo fluvial desde a ponte do río Tambre ao Refuxio e mais ao Portiño.
- 8º. Praias fluviais.
- 9º. Acordos co Concello de Santiago:
 - a) Acondicionamento do Refuxio.
 - b) Plan urbanístico parcial desde a ponte do río Tambre ata a ponte da autoestrada (en dirección a Santiago).
- 10º. Mellora do sinal de radio e televisión.
- 11º. Piscina cuberta.
- 12º. Construción dun tanatorio e mais dun cemiterio.
- 13º. Construción dun albergue no camiño inglés ao paso polo concello.
- 14º. Programa de seguridade viaria integral

ÁREA DO RURAL E DO AMBIENTE

- 1º. Programa estratéxico para o fomento do cooperativismo agrario, que levará aparellado o estudo das canles de comercialización dos produtos.
- 2º. Establecemento de puntos para a limpeza da maquinaria agrícola.
- 3º. Punto limpo. Enterrar os colectores do lixo no núcleo de Sigüeiro.
- 4º. Revisión e mellora da depuradora. Estudo das necesidades no resto das parroquias e mais en Porto Avieira en relación co tratamento das augas residuais para darlles unha solución.
- 5º. Separación de augas pluviais e residuais nos núcleos urbanos.
- 6º. Utilización de enerxía solar nos edificios públicos.
- 7º. Potenciación do uso turístico dos recursos naturais.

ÁREA DE CULTURA E DEPORTES

- 1º. Fornecemento de áreas deportivas nas parroquias.
- 2º. Arranxo das pistas deportivas existentes.
- 3º.-Acondicionamento do pavillón polideportivo: calefacción, duchas e auga quente. Dotalo dun ximnasio.
- 4º.- Establecemento da ruta dos castros.

ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS

- 1º. Locais sociais:
 - a) Rematar os empezados e acondicionar os existentes.
 - b) Dotalos do mobiliario preciso.
 - c) Programar actividades acordos co servizo público que prestan
- 2º. Construción dun centro de día para os maiores.
- 3º. Creación dun centro de educación afectiva / sexual para os máis novos.
- 4º. Presenza médica polas tardes no centro de saúde.

ÁREA DE EDUCACIÓN

- 1º. Ampliación da gardería.
- 2º. Desprazamento da antena de telefonía móbil que está a carón da gardería pública.
- 3º. Construción dun novo centro de educación primaria.
- 4º. Ampliar as prazas do comedor escolar do colexio e dar servizo de comedor aos alumnos do instituto.
- 5º. Melloras no centro de educación infantil e primaria.
- 6º. Patio cuberto e pasarela do colexio ao pavillón.
- 7º. Bacharelato e ciclos medios de FP que se axusten ás demandas das empresas instaladas no polígono industrial de Oroso.
- 8º. Axudas para o transporte aos rapaces que se teñan que desprazar para estudar fóra mentres non haxa bacharelato e FP no concello.

OUTRAS ACTUACIÓNS

- 1º. Dotar o concello dunha notaría.
- 2º. Normalización lingüística do concello.
- 3º. Asembleas abertas para escoitar as propostas dos veciños. Orzamentos participativos.
- 4º. Creación do número preciso de prazas de policía municipais.
- 5º. Garantir que as empresas instaladas no Concello de Oroso cumpran coa lexislación vixente e respecten os dereitos laborais e de representación sindical.